

Carta aberta a José Antonio Pagola

*Agur Jauna:*

É o saúdo que ti mereces, un saúdo que só se dá aos grandes homes nesta terra onde naciches. Ben quixese dirixirme a ti no teu idioma materno para que cada palabra escrita por min, con sinxeleza, cariño e respecto resoase con máis forza en todo o teu corazón, en todo o teu ser, en toda a túa mente. Tamén pedirche perdón por tutearte, pero resúltame imposible comunicarme a corazón aberto cun maxestático vostede. Ti, presbítero, ex vicario, profesor e maior en idade; eu, unha laica, nai, e segundo din as boas linguas que me queren, ata algo teóloga. O que nos separa é unha minucia comparado coa urdidoira que nos une: unha fe no Deus de Xesús, un anhelo empeñado en vivir segundo o Xesús de Deus, unha alegría ao contemplar o "aleteo" nervioso da pomba de Paz nesta bendita terra que tanto a merece e, por último, un amor dorido a esta igrexa á que todos tratamos de apuntalar dende fachadas distintas, aínda correndo o risco de que, no noso celo de obreiros da pabea, rabuñemos ata a súa mesmísima pedra angular, Xesús o Cristo.

Pasan os días e a miña memoria deixa escorrer o recordo exacto das túas palabras no Foro de Encrucillada. Ti es máis que as túas *ipsísimas verbas* daquela mañá santiaguesa; como tamén o foi Xesús. Da miña carencia fago virtude e liberdade. Liberdade empática para falar de ti dende ese encontro que se deu, e que descoñeces: ti, dende a palestra do Foro; eu, dende unha cómoda butaca. Uníanos o cordón umbilical da nosa fe, aínda que tamén é verdade que encandeaches ao obstinado agnóstico que me acompañaba, o meu marido.

O mar bate con forza a rocha ata transformala en area. O mar da túa persoa bateume por completo. Escoitarte, provocou en min unha catarse de pensamentos, imaxes e preguntas que, agora, ao igual que moitas das túas palabras non logro rescatar. Os meus ollos e oídos eran crentes, e sen remisión fixen miña a frase dos veciños da samaritana que, exultantes, dixéronlle a esta cando proclamaron a súa fe en Xesús: "*Ez euren itxakaitik baizit neuk etxuna gaitiz*". Non era necesario que ela falase.

Xa non necesitaba que outros me falasen de ti nos seus escritos, víaos cos meus propios ollos da fe. Andrés presentoute como un profeta, como un Servo de Iahvé. Eu vivinte como unha estampa evanxélica.

Cada mañá, ao erguerse, diciános o teu compañeiro e amigo Andrés, pregúntase por que te acusan de socavar o Xesús dos Evanxeos. Outros, ao anoitecer, recreamos na nosa oración a ese Xesús ao que deixaches falar no teu libro. Só fixeches iso, José Antonio, deixar que El nos fale. Ti fuches un sinxelo instrumento nas súas mans. O demais queda nas "mans mentais" de quen se achegue á túa obra. Uns verán no teu libro o "dedo de Deus", como aqueles que creron NEL; outros verán entre as súas páxinas o "dedo de Belzebú", como os que te condenan sen misericordia.

Os por que dese acoso e derrubamento só se atopan nas súas razóns avesas. "A razón do desatino que á súa razón se fai, de tal xeito a súa razón enfraquece, que con razón se queixan da fermosura do teu libro". A cita do Quixote, adaptada para a túa situación sérveme para dicir con elegancia o que penso sobre eles. Razóns "güeras", baleiras, vernizadas de fe inmaculada e responsabilidade do depósito da fe ante a historia. Nun futuro próximo da igrexa, o *Angelus Novus* do pintor Klee, botará a súa mirada cara ao pasado eclesial, o que vivimos ti e eu,

contemplando os desastres, os entullos amontoados, as vítimas causadas polo seu furacanado celo eclesial. Uso esta imaxe pictórica non só pensando en ti e noutros teólogos defenestrados, cuxos nomes saen na prensa. Outros nomes cristiáns nunca sairán nos medios de comunicación. Só saben do seu desgarrado os seus próximos. Habelos, hainos entre o clero, relixiosos e relixiosas, laicos, e laicas, silentes desasosegados, xente que non concilia comunión eclesial con obediencia cega. Este furacanado celo arrampla con todo porque é da mesma natureza de quen o xerou.

Ao escoitarte contemplaba o teu rostro sereno, pero incapaz de sorrir. Foi algo que me impactou. Nada que ver con aquel rostro risoño de hai anos cando te escoitei na parroquia do Carme de Bilbao. Estudaba primeiro de teoloxía. O teu nome relacionábase con noticias sobre o sempiterno problema vasco. Faláranme moi ben de ti como teólogo e ata alí foron os meus pasos. Gustoume o teu relatorio. Eras un home de Deus, un home bo. Fuches crítico coa xerarquía, pero unha crítica exercida con cautela de quen sabe que hai que nadar e gardar a roupa. Unha idea foi constante na túa charla: a necesidade de estar preto e escoitar ao que sofre e ao que ten dúbidas de fe. O rostro do outro, dicías. Despois, souben quen fora Levinas e o que quixo dicir con esta expresión. Apropieime mentres te escoitaba no Foro. O teu rostro estoico, virilmente serio, delataba as pegadas da túa dor. Unha dor que che permite falar coa liberdade que dá a autoridade do sufrimento. Alguén che preguntou no Foro que experiencia tiñas nestes momentos de Deus. Cunha humildade que esgazou o veo do "templo do Foro", dixeches: a do silencio de Deus. Creo que se nos cortou a respiración a todos. Si. Escoitábase e, ao tempo, trataba de meterme na túa psicoloxía de home baqueteado pola igrexa na que cres e á que amas e pensaba cuántas veces identificarías persoas concretas con personaxes do propio evanxeo. Moi ignaciano, segundo creo. Cantos Pedros habería nestes anos, cantos Nicodemos que te apoian ás agachadas, cuántos "discípulos amados" que non o foron tanto co correr dos anos e da súa carreira eclesial. Con cada poutada contra o teu libro, preguntariaste que quen pecou se ti ou o teu libro. En cada retallo da túa alma cristiá aferrariaste, buscando sentido á túa dor a esa frase misericordiosa de Xesús ante a "senrazón" do seu sufrimento e que tantos cristiáns tiveron que chorar algunha vez: "*Aita, parkatu egiezu, ez dakie egiten diarduena-ta*" (Lc,23,34)

Da predicación do reino ao predicado. Ese foi o paso que se deu no movemento de Xesús. Do teu libro á túa persoa. Son consciente do delicado que é usar categorías cristolóxicas aplicadas aos cristiáns. Se alguén che chamou "Servo de Iahvé" eu, con toda humildade e cariño, ao escoitarte recordaba ao Cristo de S. Xoán onde cruz e exaltación van xuntas. Schillebeeckx chegou a dicir que cada xeración cristiá ten que escribir un 5º evanxeo; a ti tocoulle escribilo só e ben que o percibe quen te escoita.

Non só lín o teu libro, senón que cada semana leo con fruición o comentario ao evanxeo que me envían as carmelitas de Hondarribia. Místico e crítico. A palabra escrita déixase dobregar por autocensuras que nos impoñemos. A túa palabra oral é máis pagoliana, máis filla do teu rostro leviniano. Un profesor de Deusto insistíanos que a teoloxía había que estudala "de xeonllos". Certo, pero que facer con certos rostros que nos obrigan a baixar a mirada porque nos infunden o respecto de que na súa vida é sacramento de encontro con Xesús. Recordo que de nena, na miña Castela de orixe, cada semana santa, os ollos misericordiosos dun nazareno me cativaban, pero ao final os meus ollos "axeonllábanse" e acababa mirando ao chan cun pudor incontrolado. Algo de transparencia divina tiña aquela mirada. Mentres te escoitaba sentín que algo dese Xesús profeta estaba a uns metros de min. Comprendín e fixen en primeira persoa o

que con tanta lixeireza dicimos do encontro de Xesús con quen o escoitaba na súa Galilea. Interpretar a experiencia propia para captar en certo grao a experiencia allea daquelas xentes. A ti, José Antonio, pasouche o mesmo con Xesús. Non se me pasou desapercibido o teu comentario-queixa de que se fala pouco do Xesús que choraría con amargura. Tivo que haber máis choro que o de Xetsemaní. Choro amargo de quen pasou a súa vida eliminando o sufrimento alleo. Paradoxos nel e en ti.

A nosa cultura europea está viciada de cristianismo. Demasiados Cristos crucificados colgados nos nosos colos, demasiadas semanas santas; demasiadas escoitas xordas dunhas pasaxes evanxélicas archisabidas. Sabemos como empeza a historia e como remata; demasiados crucifixos en escolas, universidades. Deberíamos volver de novo a Galilea, para oílo por primeira vez. Ti lográchelo. Hai uns meses fixen un seguimento a unha muller que se quería bautizar. De Xesús sabía pouco, case nada. Pero precisamente por iso quedou engaiolada por Xesús. A medida que liamos o evanxeo de Marcos preguntábame por que o mataran. Non o entendía. Unha tarde, nada máis chegar, díxome: "Este Xesús pasouse toda a vida quitando sufrimento aos demais". Captara o esencial. Cando leu a paixón, chorou. Nunca a lera. Entón comprendín que de tanta catequese infantil, de tanta e tanta cultura cristiá arrebatámonos a nós mesmos o arrobo do encontro con El.

Un encontro que se fai difícil e ata case metafisicamente imposible en nós os novos porque a mercadoría espiritual que se lles vende na pastoral xuvenil é un cristianismo "prozac", un cristianismo "guay". Cántas reunións parroquiais aforrariamos todos se á palabra de fe se engadise o seu rostro presente nelas. Bendita inocencia a miña. Un Xesús que deu prioridade ao sufrimento antes que ao pecado, tal como ti dixeches; un Deus que só sabe amar como tozudamente di Andrés provoca unha chamada a arrebatado en parte da igrexa-xerárquica. Dá que pensar. E provócalle escándalo ao meu fillo cando se decata que o teu libro está prohibido e que Andrés é mirado con caras enfurruñadas en certos ámbitos. "Pero, mamá un libro tan bonito sobre Xesús como pode estar prohibido?". Tan bonito! Nese inxenuo adxectivo están latentes todas as cristoloxías que el non sabe verbalizar. Unha cristoloxía que pasa por ser fillo de María e Xosé. Unha marioloxía sinxela e profunda cun *fiat* a Deus non pola presenza do anxo, senón porque no seu ventre ía sentindo o "aleteo" do anxo da vida, o anxo de Deus que cada ser en xestación é. Unha María que deu o seu *fiat* máis profundo ante o estrago do seu fillo e que ante o cadáver do seu fillo tivo que sentir, polo menos temporalmente, o silencio de Deus, como El, como ti nos revelaches. Despois o *fiat* iríase consolidando na súa vida.

Nada máis José Antonio. Ofrézoche a miña casa, como lla ofrezco a cada persoa que entra no meu corazón. Falar de todo e ata de fe se se terza, aínda que non é necesario. Onde hai pan compartido, alí está El presente.

*Ezkerrik azko, lagun*

Feli Alonso Curiel